



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Rosal, a 09 de setembro de dous mil vinteún.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial do Rosal, ás 12h min, constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato administrativo de obras de “Mellora da eficiencia enerxética da Escola Unitaria de Pías”, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Ánxela Fernández Callís como Presidenta, D. Fernando Vicente Solla, Arquitecto técnico municipal, D. Carlos Prieto Fernández, Secretario do Concello, D. David Aragunde Arppe, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. María Xosé Álvarez Diego, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

**PRIMEIRO.-** A Mesa de contratación procede e á apertura do Sobre Único das proposicións presentadas polas persoas licitadoras que concorreron, en forma e prazo, á licitación convocada.

A Mesa comproba, en primeiro lugar, se a declaración responsable presentada por todos os licitadores e incluída neste arquivo é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas. As proposicións son as seguintes:

- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.
- SAEXCO GALAICA S.L.

A Mesa unha vez revisada a documentación, declara a **admisión** das seguintes as proposicións:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.
- SAEXCO GALAICA S.L.

**SEGUNDO.-** Seguidamente, a mesa de contratación acorda requirir a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e a ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. para que xustifiquen a baixa presuntamente temeraria de conformidade cos PCAP:

### *"13.4. OFERTAS ANORMALMENTE BAIAS*

*No caso de que unha oferta se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149 da LCSP, e concretados nas cláusulas particulares deste prego, a Mesa seguirá o procedemento previsto no citado artigo.*

*Para tal efecto, requiriralle á ou ao licitador mediante comunicación electrónica para que, no prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da correspondente comunicación, xustifique a súa oferta, e precise as condicións desta, en particular no que se refire ao aforro*



que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Este mesmo procedemento empregárase cando, a xuízo do persoal técnico, as e os licitadores presenten solucións técnicas ou un prazo de execución de imposible cumprimento.

Se o órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada pola licitadora ou licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación, e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150 da LCSP. En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica...”

Asemade establécese nos propios PCAP o que segue:

**“ANEXO III – FÓRMULAS DE VALORACIÓN.  
OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

Catro ofertas ou mais: Consideraranse temerarias aquelas ofertas con baixas porcentuais que sexan superiores en mais de 3 unidades á media das baixas porcentuais das ofertas admitidas. Non obstante, se entre elas existen baixas porcentuais inferiores en mais de 10 unidades a dita media, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía (maior baixa porcentual).”

Os datos de referencia no presente procedemento de contratación é o que segue:

Contrato administrativo de obra de "Mellora da eficiencia enerxética da Escola Unitaria de Pías"					
	OFERTA s/iva (On)	BAJA ABSOLUTA (Bn)	BAJA % RESPECTO P (bn)	BAJA % CONTABL E RESPECT O P (bn)	Valoraci ón oferta (Vn)
B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	161.848,30 €	3.370,48 €	2,040	2,040	7,13
B27757293 SAEXCO GALAICA SL	163.318,76 €	1.900,02 €	1,150	1,150	4,02
B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L	146.847,83 €	18.370,95 €	11,119	11,119	36,28
B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL	138.783,78	26.435,00	16,000	16,000	49,78





CONCELLO  
DO ROSAL  
(Pontevedra)

SL	€	€			

BAJA % MEDIA* (bm*) CONTABLE	Límite temeridad con media contable
7,577	10,577

Por tanto, sendo a baixa das dúas empresas sinaladas, superior en mais de 3 unidades á media das baixas porcentuais das ofertas admitidas, procede decláralas incursas en presunción de anormalidade.

A continuación se indica a valoración do resto de xuízos automáticos e valoración total provisional, SEN PREXUÍZO do que resulte do requirimento de xustificación da baixa.

	PREZO (MÁX 60)	MESES GARAN TÍA TOTAL	GARA NTÍA (MÁX 5)	MELL ORA 1 (MÁ X 7)	MELL ORA 2 (MÁX 10)	PUNT UACI ÓN TOTA L
B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	7,13	3 6,00	5,00	7,00	10,00	2 9,13
B27757293 SAEXCO GALAICA SL	4,02	3 6,00	5,00	7,00	10,00	2 6,02
B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L	36 ,28	3 6,00	5,00	7,00	10,00	5 8,28
B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL	49 ,78	3 6,00	5,00	7,00	10,00	7 1,78

Tendo en conta todo canto antecede, a Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 13h 25min.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

